

MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE AUTORIZA O EMPREGO DA LISTA DE RESERVA XURDIDA DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS NON SELECCIONADAS E QUE NON FORON EXCLUÍDAS DO PROCESO SELECTIVO PARA TER ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA PERCEBE A PÉ NA CONFRARÍA DA GUARDA

ANTECEDENTES

Primeiro. Mediante resolución do 17 de febreiro de 2021, da xefa territorial da Consellería do Mar en Vigo, publícase a relación definitiva de aspirantes seleccionados e non seleccionados para o acceso ao permiso de explotación de percebe a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores da Guarda.

Segundo. A confraría de pescadores da Guarda ten aprobado un plan de xestión de percebe a pé para o ano 2019 prorrogado ata o 31 de decembro de 2021, que establece un número máximo de 50 mariscadores.

Terceiro. O 13 de outubro de 2021 a confraría de pescadores da Guarda solicita autorización para o emprego da lista de reserva para cubrir tres prazas vacantes. Mediante Resolución do 22 de outubro de 2021 da xefa territorial da Consellería do Mar en Vigo, autorízase o emprego da lista de reserva para cubrir as mencionadas vacantes.

Cuarto. O 16 de novembro de 2021 a confraría de pescadores da Guarda solicita autorización para o emprego da lista de reserva para cubrir unha nova praza vacante.

Quinto. O 18 de novembro de 2021 a xefa territorial de Vigo resolve autorizar o emprego da lista de reserva para cubrir unha (1) praza vacante no plan de percebe a pé e publícase o nome da persoa seleccionada para o outorgamento do permiso de explotación. Outórgase un prazo de 15 días hábiles para achegar a documentación necesaria.



Sexto. A persoa seleccionada non remitiu a documentación que debía ter presentado no período dos 15 días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

Segundo. A Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, regula no artigo 15 a lista de reserva nos procesos selectivos e indica que terá vixencia dun (1) ano que se contará desde o día seguinte ao da data da resolución definitiva da xefatura territorial.

A confraría de pescadores ou entidade asociativa, de conformidade coa agrupación sectorial, de estar constituída, poderá solicitar á xefatura territorial correspondente o emprego da lista de reserva nos seguintes supostos:

- a) Cando se produzan vacantes durante o proceso de outorgamento.
- b) Cando se produzan vacantes durante a vixencia dos plans de xestión correspondentes.

A persoa seleccionada non remitiu a documentación que debía ter presentado no período dos 15 días hábiles durante o proceso de outorgamento.

Terceiro. Correspóndelle a esta Xefatura Territorial ditar esta resolución de acordo co disposto no Decreto 245/2009 do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.



Á vista do exposto, esta Xefatura Territorial, en virtude das competencias atribuídas,

RESOLVE:

MODIFICAR a resolución pola que se autoriza o emprego da lista de reserva para cubrir unha (1) praza vacante no plan de percebe a pé e publicar o nome da nova persoa seleccionada para o outorgamento do permiso de explotación:

APELIDOS E NOME	DNI
DEL CAMPO SANTIAGO, ISRAEL	***2063**

() Ocúltase parcialmente o número de documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.*

A persoa seleccionada deberá acreditar no prazo de quince (15) días hábiles, que se contarán dende o día seguinte ao que se publique esta resolución, os requisitos para obter o permiso de explotación; de non facerse así neste prazo, entenderase que decaen do seu dereito. Debe presentar a seguinte documentación:

a) Certificado de estar empadroadado nun municipio do litoral de Galicia.

Esta documentación non será necesario que se presente no caso de ter sido asinado na solicitude para o proceso selectivo o consentimento expreso da persoa interesada, para comprobar os datos de residencia mediante consulta ao sistema de verificación de datos dacordo co Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

b) Certificado da Seguridade Social de non ser perceptor de pensións de xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares ou perceptor da renda de integración social de Galicia.



Esta documentación non será necesario que se presente no caso de ter sido asinado na solicitude para o proceso selectivo o consentimento expreso da persoa interesada para consulta destes datos.

Os perceptores da renda de integración social de Galicia, deberán achegar un escrito de renuncia a ela no momento da concesión do permiso de explotación.

c) Documentación médica que acredite non estar incapacitado para exercer os labores de marisqueo.

d) A eficacia da resolución de outorgamento do permiso de explotación a pé de recursos específicos estará condicionada a que a persoa interesada estea en posesión do certificado profesional correspondente. Neste caso, terá que presentar unha copia do certificado de percebeiro. Non será necesario no caso de ter sido asinado na solicitude para o proceso selectivo o consentimento expreso da persoa interesada para consulta destes datos.

e) As persoas que estean en posesión dunha acreditación como tripulante para explotación de percebe ou que sexan armadoras dunha embarcación con modalidades de recursos específicos deberán achegar un escrito de renuncia a elas. A documentación requirida deberá dirixirse á Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo. No caso de que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela ou das consultas autorizadas se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2. da convocatoria, entenderase que desisten da súa solicitude. Neste caso, emitirase unha nova resolución que modifique esta, na que se indicarán as persoas aspirantes seleccionadas pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos, outorgándolles un prazo de quince (15) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación da nova resolución, para que acheguen a documentación.

Terceiro. Esta resolución publicarase na páxina web <http://mar.xunta.gal> e tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios das xefaturas comarcais correspondentes da Consellería do Mar, así coma no taboleiro de anuncios da confraría ou entidade asociativa que o solicitou.



Cuarto. De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a Consellería do Mar no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación.

